



XUNTA DE GOBERNO

SESION ORDINARIA DE VINTE E OITO DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZAOITO

(ACTA NÚMERO 54)

Presidente:

D. Darío Campos Conde

Sres. Deputados:

D. Argelio Fernández Queipo

D. Pablo Rivera Capón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D^a. Sonsoles López Izquierdo

Secretaria:

D. Manuel Castiñeira Castiñeira

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **catro de xaneiro de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnense os Sres. Deputados á marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten os Sres. Deputados D. Álvaro Santos Ramos, D. Lino Rodríguez Onega, D^a. Mayra García Bermúdez e D. Eduardo Vidal Baamonde.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E UN DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZAOITO.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e un de decembro de dous mil dezaioito, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A ADXUDICACIÓN DA OBRA DE BALEIRA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-4604 “CARAÑO (LU-760)- A BRAÑA (LU-750)”, P.K. 6+000 AL 7+210, LU-P-5401 “BOEL (LU-P-4606) – MARTÍN – A MUIÑA (LU-750)”, P.K. 7+416 AL P.K. 10+916 Y LU-P-0406 “MARTÍN (LU-P-5401)-CRENDE (LU-P-4606)”, P.K. 2+760 AL 3+047.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento no que, entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

“(…)

Por acordo da Xunta de Goberno de data 07 de setembro de 2018, aprobouse o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, proxecto técnico, expediente de contratación e procedemento de adxudicación con un orzamento de licitación de 228.946,30 €, dos cales 39.734,48€ corresponden ao IVE, correspondente á obra: BALEIRA.- Rehabilitación de firme LU-P-4604 "Caraño (LU-760) - A Braña (LU-750)", P.K. 6+000 al 7+210, LU-P-5401 "Boel (LU-P-



4606)-Martín-A Muiña (LU-750)", P.K. 7+416 al P.K. 10+916 y LU-P-0406 "Martín (LU-P-5401)-Crende (LU-P-4606)", P.K. 2+760 al 3+047.

Por anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 20 de setembro de 2018, abriuse prazo de 26 días naturais para a recepción de documentación e ofertas para a contratación da obra por procedemento aberto mediante tramitación ordinaria.

En reunión celebrada Pola Mesa de contratación con data 29 de outubro de 2018 deuse conta do informe da Unidade de Rexistro, no que constan as empresas presentadas, así como as datas na que presentaron as ofertas á contratación, e do Informe do Servizo de Contratación en relación á presentación en prazo das ofertas recibidas para a obra BALEIRA.- Rehabilitación de firme LU-P-4604 "Caraño (LU-760) - A Braña (LU-750)", P.K. 6+000 al 7+210, LU-P-5401 "Boel (LU-P-4606)-Martín-A Muiña (LU-750)", P.K. 7+416 al P.K. 10+916 y LU-P-0406 "Martín (LU-P-5401)-Crende (LU-P-4606)", P.K. 2+760 al 3+047, segundo anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 20 de setembro de 2018. A mesa acordou, por unanimidade, aceptar ditos informes na súa integridade e en consecuencia facelos seus, uníndose á Acta, e admitindo ás empresas presentadas.

De seguido procedeuse á apertura e exame da documentación administrativa (sobre 1) presentada polas empresas admitidas á licitación correspondente á obra citada, e non observándose deficiencias na mesma acordouse, por unanimidade, aceptalas a todas.

A continuación, de orde da Presidencia, procedeuse á apertura do sobre "2", contendo as proposicións para a licitación, co seguinte resultado:

BALEIRA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-4604 "CARAÑO (LU-760) - A BRAÑA (LU-750)", PK 6+000 AL 7+210, LU-P-5401 "BOEL (LU-P-4606)-MARTÍN-A MUIÑA (LU-750)", PK7+416 AL PK10+916 Y LU-P-0406 "MARTÍN (LU-P-5401)-CRENDE (LU-P-4606)", PK 2+760 AL 3+047 (EX004OB-PERF 17/19-AB)

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

228.946,30	
189.211,82	39.734,48

DE IVE
(partida
independente)

VALOR ESTIMADO

CLASIFICACION EXIGIDA:

PRAZO DE EXECUCION:

NO

6

MAXIMO

9.460,59

MELLORAS			
IMP. SIN	IMP	CON	
IVE	29,09	IVE	41,89
IMP. GX e			
BI	34,62		

EMPRESAS / (GRUPO)			(A) PRECIO (75)	(B) MEJORAS (20)		(C) P. COMUNICACIÓN (5)	CRITERIO DESEMPATE	% BAIXA		TOTAL CUSTE OFERTA (para calcular baixa desproporcionada) (A-B)	
			PREZO (IVE incluido .- art 102)	Oferta (m pavimentar e sinalizar	€/M // CUSTE (€) menos % baixa 41,89	Oferta (sen IVE) (MAX. 5% S/ V. Estimado	Plantel / Minusválidos				
					%			%			
1	DESARROLLOS Y METAS SL			168.069,00 €	103,00	3.167,40	250,00 €	22/0	73,41%	26,59 %	164.901,60 €
2	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU		A	187.792,00 €	0,00	0,00	0,00 €	44/1	82,02%	17,98 %	
3	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU		A	228.932,00 €	840,00	35.184,08	9.460,00 €	181/4	99,99%	0,01%	
4	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL		B	199.183,27 €	200,00	7.288,86	3.305,79 €	-/-	87,00%	13,00 %	
5	HEBLATRI SL		B	198.038,54 €	205,00	7.428,14	3.305,79 €	-/-	86,50%	13,50 %	
6	GRUPO BASCUAS 2008 SL			186.018,88 €	273,00	9.291,73	2.374,48 €	85/1	81,25%	18,75 %	
7	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL		C	179.374,00 €	103,84	3.408,11	473,03 €	188/3	78,35%	21,65 %	
8	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL		C	184.483,00 €	195,77	6.608,21	1.322,31 €	11/0	80,58%	19,42 %	
9	HORDESCÓN SL			213.126,11 €	38,00	1.481,83	673,55 €	17/0	93,09%	6,91%	

Pola mesa observouse que algunhas das ofertas non inclúen no prezo o IVE, senón que distinguen entre base e importe de IVE en apartados separados. A mesa acordou aceptar as ofertas efectuando no mesmo acto a operación matemática que permite obter o prezo de acordo co establecido no artigo 102 da LCSP (IVE incluído). Este dato cotéxase como consecuencia dunha simple operación matemática e ademais o IVE correspondente ao prezo real constátase co exemplo que segue: (prezo 100.000,00; IVE: 21.000,00; o prezo segundo o artigo 102 LCSP sería 121.000,00). (Este razoamento é extensible ao resto de obras incorporadas á orde do día desta Mesa de contratación).

De seguido procedeuse, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS		OFERTA (A-B)	
		Oferta	
1	DESARROLLOS Y METAS SL		164.901,60 €
2	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	A	187.792,00 €
3	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	A	193.747,92 €
4	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	B	191.894,41 €
5	HEBLATRI SL	B	190.610,40 €
6	GRUPO BASCUAS 2008 SL		176.727,15 €
7	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	C	175.965,89 €
8	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	C	177.874,79 €
9	HORDESCÓN SL		211.644,28 €

MEDIA 184.606,89	NOVA MEDIA 179.199,41
---------------------	--------------------------

BAIXA TEMERARIA 166.146,20	NOVA BAIXA 161.279,47
-------------------------------	--------------------------

10% ARRIBA 203.067,58

Non se teñen en conta a efectos de cálculo de baixa desproporcionada por pertenza con outra empresa a un mesmo grupo:	
PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	
TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	
EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	

A vista do anterior, observándose que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, realizouse a valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 10 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			PRECIO (75)		MELLORAS (20)		P. DIVULGACIÓN (5)		TOTAL
			Oferta	Ptos	Oferta (m pavimentar e sinalizar)	Ptos	Oferta (máximo 5% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1	DESARROLLOS Y METAS SL		168.069,00 €	75,00	103,00	2,45	250,00 €	0,13	77,58
2	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	A	187.792,00 €	50,70	0,00	0,00	0,00 €	0,00	50,70
3	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	A	228.932,00 €	0,02	840,00	20,00	9.460,00 €	5,00	25,02
4	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	B	199.183,27 €	36,67	200,00	4,76	3.305,79 €	1,75	43,18
5	HEBLATRI SL	B	198.038,54 €	38,08	205,00	4,88	3.305,79 €	1,75	44,71
6	GRUPO BASCUAS 2008 SL		186.018,88 €	52,89	273,00	6,50	2.374,48 €	1,26	60,65
7	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	C	179.374,00 €	61,07	103,84	2,47	473,03 €	0,25	63,79
8	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	C	184.483,00 €	54,78	195,77	4,66	1.322,31 €	0,70	60,14
9	HORDESCÓN SL		213.126,11 €	19,49	38,00	0,90	673,55 €	0,36	20,75

A vista do anterior, a Mesa, por unanimidade, acordou que se eleve ao órgano de contratación as Actas e demais documentación para que, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP proceda á clasificación por orde decrecente das propostas e requira ao licitador que presentara a oferta mais vantaxosa para que dentro do prazo de 10 días hábiles presente a documentación establecida na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da contratación da obra.

Tendo en conta o acordado pola Mesa de Contratación, pola Presidencia, en data 21 de novembro de 2018 adoptouse a seguinte Resolución:

“(…)

1. Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas e non declaradas desproporcionadas ou anormais de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			TOTAL
			PUNTOS
1	DESARROLLOS Y METAS SL		77,58
2	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	C	63,79
3	GRUPO BASCUAS 2008 SL		60,65
4	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	C	60,14
5	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	A	50,70
6	HEBLATRI SL	B	44,71
7	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	B	43,18
8	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	A	25,02
9	HORDESCÓN SL		20,75

Requirir ao contratista DESARROLLOS Y METAS SL por ser a oferta máis vantaxosa, para que, no prazo de 10 días hábiles, presente a documentación establecida na Cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares polo que se rexe a contratación destas obras”.

Por escrito con rexistro de saída nº 13935 de data 27 de novembro de 2018 foi requirida a mercantil DESARROLLOS Y METAS SL, para que presentase a documentación establecida na cláusula 17 do Prego e a garantía definitiva por importe de 6.945,00 euros; documentación que foi achegada en tempo e forma.

En consecuencia e segundo o establecido no Prego de CAP polo que se rexe a contratación da obra, e unha vez fiscalizado o gasto polo Servizo de Intervención procede, a xuízo do que subscribe, que de acordo co establecido no art. 150 da LCSP polo Órgano de Contratación se adopte o seguinte acordo:

1. Adxudicar a execución da obra BALEIRA.- Rehabilitación de firme LU-P-4604 "Caraño (LU-760) - A Braña (LU-750)", P.K. 6+000 al 7+210, LU-P-5401 "Boel (LU-P-4606)-Martín-A Muiña (LU-750)", P.K. 7+416 al P.K. 10+916 y LU-P-0406 "Martín (LU-P-5401)-Crende (LU-P-4606)", P.K. 2+760 al 3+047, conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 07 de setembro de 2018, á mercantil DESARROLLOS Y METAS SL, representada por D. Andrés Cancela Ramírez de Arellano, no prezo de 168.069,00€ dos cales 29.169,00€ son de IVE; unha mellora de obra consistente en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 12.2 do prego de CAP de 103

metros; e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 250,00 € e 52,50 € de IVE e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes: o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas así como as melloras en unidades de obra ofertadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.

E canto procede informar, sen prexuízo e con sometemento a mellor criterio fundado en dereito”.

Esta Presidencia, a vista do expediente tramitado e unha vez fiscalizado o gasto pola Intervención, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a execución da obra BALEIRA.- Rehabilitación de firme LU-P-4604 "Caraño (LU-760) - A Braña (LU-750)", P.K. 6+000 al 7+210, LU-P-5401 "Boel (LU-P-4606)-Martín-A Muiña (LU-750)", P.K. 7+416 al P.K. 10+916 y LU-P-0406 "Martín (LU-P-5401)-Crende (LU-P-4606)", P.K. 2+760 al 3+047, conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 07 de setembro de 2018, á mercantil DESAROLLOS Y METAS SL, representada por D. Andrés Cancela Ramírez de Arellano, no prezo de 168.069,00€ dos cales

29.169,00€ son de IVE; unha mellora de obra consistente en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 12.2 do prego de CAP de 103 metros; e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 250,00 € e 52,50 € de IVE e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes: o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas así como as melloras en unidades de obra ofertadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP

2º.- Requerir ao adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

3º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

4º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓNS DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta Excm. Deputación Provincial e o concello de Cervantes coa finalidade común de colaborar na renovación da rede de abastecemento nos núcleos de Vilarello e As Pontes.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe – proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Cervantes, coa finalidade común de colaborar na renovación da rede de abastecemento nos núcleos de Vilarello e As Pontes, que dispón o seguinte:

Asunto: Convenio interadministrativo de cooperación entre A Deputación de Lugo e o Concello de Cervantes para a execución de fins comúns consistentes en: Renovación da rede de abastecemento nos núcleos de Vilarello e As Pontes.

En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

Proposta de borrador de convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Cervantes.

D. Benigno Gómez Tadín, Alcalde do Concello de Cervantes achega escrito de solicitude de relación interadministrativa (público-público), de data 18/12/2018, ao que acompaña declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, da Seguridade Social e da Facenda Autonómica impostas polas disposicións vixentes así como de non ter débedas con esta Deputación en período executivo; e memoria valorada, para a realización conxunta entre o Concello de Cervantes e a Deputación de Lugo, das actuacións de: Renovación da rede de abastecemento nos núcleos de Vilarello e As Pontes, nas que conflúen os respectivos títulos competenciais, para satisfacer demandas veciñais de xeito eficiente. Na memoria explícanse os fins e obxectivos perseguidos con cada un dos investimentos que se articulan neste convenio.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre o Concello de Cervantes e a Deputación Provincial de Lugo en exercicio dunha competencia compartida, para acadar o obxectivo de executar os fins comúns de: renovación da rede de abastecemento nos núcleos de Vilarello e As Pontes, danados polos incendios forestais do outono de 2017. Esta acción colaborativa non conforma prestacións propias dos contratos, regulados na lexislación de contratos do sector público ou en normas administrativas especiais, comprometendose a realizar os seguintes investimentos:

<i>INVESTIMENTO:</i>	<i>ACHEGA DEPUTACIÓN</i>	<i>ACHEGA CONCELLO</i>
<i>RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NOS NÚCLEOS DE VILARELLO E AS PONTES</i>	<i>68.500,00,00</i>	<i>--</i>
<i>TOTAL</i>	<i>68.500,00€</i>	

O concello de Cervantes achegará os proxectos técnicos; e, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das obras, segundo proceda legalmente; así mesmo encargárase da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran normativamente.

O Concello aportará tódolos terreos precisos, permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución e financiará o importe que reste, e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común, e de interese público, perseguido; comprometéndose a recibir a obra, aperturala, mantela e dar o servizo á veciñanza destinataria, segundo a natureza e destino dos investimentos obxecto desta acción colaborativa.

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...).”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

- a) Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.*
 - b) A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.*
 - c) O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.*
 - d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.*
 - e) Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento*
 - f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.*
 - g) Réxime de modificación do convenio.*
 - h) Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:*
 - a. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.*
 - b. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.*
- (...)”.*

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa, coa administración municipal, como aparello técnico-administrativo (acción colaborativa) manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lai 40/2015, do 01 de outubro que “as

administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”. Estas relacións interadministrativas enraizan no título III do citado LRXSP.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-; precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“ 1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”.

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do Estado prestacional ao Estado relacional, enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade. Neste suposto e dada a natureza das actuacións promovidas, fundamentalmente resultados concretos, de mellor dunha rede de abastecemento de auga para servizo aos veciños. Rede que ademais soportou os efectos da vaga de lume do ano 2017 (outono) nas montañas de Cervantes.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Locais de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial, cos concellos, atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O municipio de Cervantes é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, e nos termos da lexislación do Estado e Autonómica, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumeado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallo”. O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: “nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)”

En canto ao abastecemento, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 5 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia sinala como competencias dos entes locais: “a) O abastecemento domiciliario de auga potable e o seu control sanitario; b) Rede de sumidoiros; c) O tratamento de augas residuais; (...)”

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos Concellos ao igual que outras leis estatais sectoriais.

O Concello de Cervantes, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación, segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada investimento, sendo responsabilidade do Concello de Cervantes tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo. Naturalmente cabe a execución directa das prestacións polo propio Concello, a través de medios propios non personificados, de acordo co previsto no artigo 30 da LCSP.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo e do Consello, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da asesoría xurídica xeral da Xunta de Galicia; e na actualidade asumido e regulado no artigo 31 da LCSP/2017 ao referirse ás potestades de auto organización e sistemas de cooperación vertical e horizontal.

Así, para a consecución do fin común perseguido por ambas administracións, sen vocación de mercado, que é a dotación aos veciños do Concello de Cervantes, da Provincia e da cidadanía en xeral das actuacións sinaladas, establécese esta relación bilateral de colaboración e cooperación (acción pública colaborativa) guiadas unicamente por consideracións de interese público, na que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e compromisos:

ANUALIDADE	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
2018	68.500,00€

Concello de Cervantes: As obrigas de facer e no seu caso achegas complementarias relacionadas no Convenio interadministrativo obxecto deste informe.

Esta relación interadministrativa de cooperación enmarcarase, xa que logo, na estrutura dunhas administracións ordenadas para remover os obstáculos que impidan ou dificultan que a igualdade e liberdade dos individuos e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivos, especialmente acaído nunha provincia de dinámicas demográficas rurais e poboación envellecida, mellorando os servizos e prestacións dirixidas a cidadanía e equipamentos, especialmente acentuado no caso que nos ocupa.

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local. Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos. No convenio inclúese o cadro orzamentario e de financiamento con cargo a anualidade 2018

O concello de Cervantes será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

Ao presente convenio non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”, precepto que se complementa con artigo 31 da propia LCSP relativo á potestade de auto organización e a cooperación pública horizontal. As entidades participantes non deben ter vocación de mercado; o convenio debe promover unha cooperación para garantir que servizos públicos que lles incumben, se presten de modo que se logren os

obxectivos que teñen en común e que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018), resulta a Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente .

É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Cervantes coa finalidade común de colaborar na

execución dos fins comúns de renovación da rede de abastecemento nos núcleos de Vilarello e As Pontes, cun orzamento total de 68.500,00 euros.

2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 68.500,00 euros, con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2018”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta relativa á segunda modificación do convenio da subvención directa excepcional outorgada por esta Deputación Provincial á Asociación de Traballadores Autónomos do Transporte, O Mar e as Comunicaci3ns de Galicia – UNIATRAMC GALICIA- , para sufragar os gastos derivados da execuci3n de “Imarisqueo – Proxecto de ampliación de coñecementos”, na anualidade 2017.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contrataci3n e Fomento, de data 26 de decembro de 2018, no que literalmente establécese canto segue:

“Asunto: Segunda modificaci3n do Convenio da subvenci3n directa excepcional outorgada pola Deputaci3n Provincial de Lugo á Asociaci3n de Traballadores Autónomos do Transporte, o Mar e as Comunicaci3ns de Galicia – UNIATRAMC GALICIA- para sufragar os gastos derivados da execuci3n de “Imarisqueo – Proxecto de ampliación de coñecementos” , na anualidade 2017.

En relaci3n co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 2 de febreiro de 2018, adoptou entre outros o seguinte acordo:

“Aprobar a excepcionalidade e outorgar unha subvención directa de carácter excepcional, por importe de 40.044,00€, a favor da entidade Asociación de Traballadores Autónomos do Transporte, o Mar e as comunicacións de Galicia – UNIATRAMC GALICIA-, para sufragar os gastos derivados da actuación “Imarisqueo – proxecto de ampliación de coñecementos”, subvención incluída na Liña 6 – Agricultura, gandería e pesca, pertencente á Área de Medio Rural e do Mar, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

Aprobar o gasto de 44.044,00 € do orzamento desta Deputación Provincial para o ano 2018, a favor da Asociación anteriormente mentada, para sufragar os gastos derivados da actuación “IMarisqueo – proxecto de ampliación de coñecementos”, no ano 2017.

Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, e incorporado ao expediente”.

O Convenio da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Asociación de Traballadores Autónomos do Transporte, o Mar e as Comunicacións de Galicia – UNIATRAMC GALICIA- para sufragar os gastos derivados da execución de “Imarisqueo – Proxecto de ampliación de coñecementos”, na anualidade 2017 formalizouse o 19 de abril de 2018.

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 21 de setembro de 2018, adoptou entre outros o seguinte acordo:

- Aprobar a subsanación do erro detectado no punto segundo da Proposta de aprobación do convenio de referencia, de data 2 de febreiro de 2018, tal e como se reflicte no Informe do Servizo de Contratación e Fomento, de modo que:

Onde dice:

(...)

2º.- Aprobar o gasto de 44.044,00€ do orzamento desta Deputación Provincial para o ano 2018, a favor da Asociación anteriormente mentada, para sufragar os gastos derivados da actuación “Imarisqueo – proxecto de ampliación de coñecementos”, no ano 2017.

(...).

Debe decir:

(...)

2º.- Aprobar o gasto de 40.044,00€ do orzamento desta Deputación Provincial para o ano 2018, a favor da Asociación anteriormente mentada, para sufragar os gastos derivados da actuación “Imarisqueo – proxecto de ampliación de coñecementos”, no ano 2017.

(...).

Quedando así aprobado o gasto polo importe correcto de 40.044,00€ do Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2018, a favor da Asociación de Traballadores Autónomos do Transporte, o Mar e as Comunicaci3ns de Galicia – UNIATRAMC GALICIA, para sufragar os gastos derivados da execuci3n de Imarisqueo – Proxecto de ampliación de coñecementos”, na anualidade 2017.

2º.- Aprobar a Addenda ao convenio canalizador da subvenci3n directa excepcional entre a Deputaci3n de Lugo e a Asociaci3n de Traballadores Aut3nomos do Transporte, o Mar e as Comunicaci3ns de Galicia – UNIATRAMC GALICIA, para sufragar os gastos derivados da execuci3n de Imarisqueo – Proxecto de ampliación de coñecementos”, na anualidade 2017, adxunta á presente proposta, e por medio da cal se modifican as cláusulas Terceira e Undécima do convenio, quedando redactadas do seguinte xeito:

- Cláusula Terceira: “(...) Consideraranse gastos subvencionables os gastos que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro da anualidade 2017 e ata o 30 de outubro de 2018 (...).”

- Cláusula Undécima: “Unha vez finalizada a acci3n ou comportamento as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acci3n ou comportamento subvencionado e en todo caso, como máximo o día 15 de novembro de 2018. (...).”

A addenda ao convenio da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Asociación de Traballadores Autónomos do Transporte, o Mar e as Comunicacóns de Galicia – UNIATRAMC GALICIA- para sufragar os gastos derivados da execución de “Imarisqueo – Proxecto de ampliación de coñecementos”, na anualidade 2017 formalizouse o 19 de abril de 2018.

O Convenio regulador da devandita subvención excepcional establece o seguinte:

➤ *Na cláusula primeira –obxecto do convenio:*

“Este convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Entidade beneficiaria e a Deputación de Lugo coa finalidade de que o Organismo Provincial subvencione a esta Entidade beneficiaria cunha axuda económica que lle permita financiar os gastos derivados da execución da actividade “iMarisqueo – proxecto de ampliación de coñecementos”, como así consta na memoria descritiva presentada con rexistro de entrada 33365 de data 13 de novembro de 2017”.

➤ *Na cláusula cuarta –achegas e compromisos das partes:*

“(…)

B) Excm. Deputación Provincial de Lugo comprométese a:

Subvencionar a actividade cunha cantidade de 40.044,00€.

A cantidade sinalada anteriormente non é un importe certo, fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que a lo menos, o 6% da actuación subvencionada deberá ser financiada pola propia entidade beneficiaria.

(…)”

➤ *Na cláusula decima –vixencia do convenio:*

“O presente convenio se perfecciona pola prestación do consentimento das partes.

A vixencia do convenio será ata o 31 de decembro de 2018, comezará no momento da súa sinatura, con efectos económicos dende o día 01 de xaneiro de 2017, aínda que en calquera momento e antes da finalización deste prazo os asinantes poderán acordar unanimemente a prórroga do convenio, por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

O anterior é sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera haber lugar, e das obrigas que como contratante incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Calquera modificación e/ou ampliación do presente convenio efectuarase por acordo unánime entre as partes, mediante a subscrición da addenda de modificación respectiva”.

➤ *Na cláusula undécima- Prazos de Xustificación:*

“Unha vez finalizada a acción ou comportamento as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado e en todo caso, como máximo o día 15 de novembro de 2018. (...)”

➤ *Nas cláusulas adicionais –Anticipos*

“As partes asinantes acordan que a Excm. Deputación Provincial de Lugo poderá realizar o aboamento anticipado do 70% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 28.030,80€ con dispensa de garantía, tendo en conta a solicitude da Entidade beneficiaria que obra no expediente.(...)”

A Presidenta de UNIATRAMC-Galicia remitiu, o 15 de novembro de 2018 con número de rexistro de entrada 30379, a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro do Convenio da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Asociación de Traballadores Autónomos do Transporte, o Mar e as Comunicacions de Galicia – UNIATRAMC GALICIA- para sufragar os gastos derivados da execución de “Imarisqueo – Proxecto de ampliación de coñecementos”, na anualidade 2017

Na devandita conta xustificativa constan as facturas polo importe total da actuación subvencionable pero non os xustificantes de pago das mesmas.

A Presidenta de UNIATRAMC-Galicia remitiu, o 17 de decembro de 2018 con número de rexistro de entrada 34017 escrito dirixido ao Servizo de Contratación e Fomento no que se recolle que “(...) a nosa asociación é moi pequena e non dispón de recursos económicos suficientes para facer fronte ó anticipo de cantidades para nos moi elevadas (...). O proxecto está realizado no 100% (...) Sirva o presente documento como solicitude de anticipo pola diferenza entre o 30% e o 95% (...)”.

Deste xeito e, tomando en consideración o reflectido na solicitude sobre a imposibilidade económica de UNIATRAMC-Galicia para poder facer fronte ao pago de todas as facturas, preténdese a modificación da cláusula adicional, intitulada “Anticipos”, do convenio da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Asociación de Traballadores Autónomos do Transporte, o Mar e as Comunicacions de Galicia – UNIATRAMC GALICIA- para sufragar os gastos derivados da execución de “Imarisqueo – Proxecto de ampliación de coñecementos” , na anualidade 2017, asinado o 19 de abril de 2018, consecuentemente a cláusula undécima –prazo de xustificación- deixando inalteradas as restantes cláusulas do convenio, quedando redactada do seguinte xeito:

Cláusulas adicionais.-Anticipos

As partes asinantes acordan que a Excma. Deputación Provincial de Lugo poderá realizar o aboamento anticipado do 95 % sobre o importe total subvencionado, é dicir, 38.041,80 € con dispensa de garantía, tendo en conta a solicitude da Entidade beneficiaria que obra no expediente. (...). ”.

Cláusula undécima- Prazos de Xustificación:

“Unha vez finalizada a acción ou comportamento as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado e en todo caso, como máximo o día 29 de decembro de 2018. (...)”

Consideracións

O artigo 22.2 c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, dispón que se poderán conceder de forma directa ás seguintes subvencións:

“(...) c).-Con carácter excepcional, aquelas outras subvenciones en que se acrediten razones de interés público, social, económico o humanitario, u otras debidamente justificadas que dificulten su convocatoria pública”.

De acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local son competencias propias da Deputación, entre outras, a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Este é o caso da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, establece no seu artigo 118 que compete ás Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento do mesmo.

Debe tomarse en consideración ademais, no relativo a non consideración como exercicio de novas competencias, o establecido no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro de racionalización e sostenibilidade da Administración Local. A maior abastanza, esta determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de

3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais, entre as que destacan a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais de man común de Galicia e a Lei 7/2012, do 28 de xuño de Montes de Galicia.

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas entidades.

No artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, se establece que:

“Cando o convenio instrumente unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e a normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable”.

A Presidenta de UNIATRAMC-Galicia Solicita o ingreso do 65 % restante (xa solicitaron e percibiron o anticipo do 30%) do importe concedido a medio do convenio de referencia asinado, para poder facer fronte ao pago dos provedores xa que alegan carecer de medios económicos suficientes.

Considerando que a solicitude presentada supón a vontade por parte de UNIATRAMC-Galicia de cumprir cos compromisos asumidos no convenio e alcanzar así a finalidade pretendida, isto é, os fins de interese público ou xeral que xustifican esta acción de fomento; ademais de que unha das obrigas que ten o beneficiario é a de acreditación do pagamento das facturas derivadas da execución do proxecto no momento da achega da conta xustificativa.

A estes efectos cabe lembrar o recollido no artigo 20 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das AAPP cando, en relación coa responsabilidade da tramitación, establece que:

“1. Os titulares das unidades administrativas e o persoal ao Servizo das Administracións Públicas que tivesen ao seu cargo a resolución e o despacho dos asuntos, serán responsables directos da súa tramitación e adoptarán as medidas oportunas para remover os obstáculos que impidan, dificulten ou retrasen o exercicio pleno dos dereitos dos interesados e o respecto aos seus intereses lexítimos dispoñendo o necesario para evitar e eliminar toda anormalidade na tramitación dos procedementos”.

Na cláusula décima –vixencia- do convenio da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Asociación de Traballadores Autónomos do Transporte, o Mar e as Comunicacions de Galicia – UNIATRAMC GALICIA- para sufragar os gastos derivados da execución de “Imarisqueo – Proxecto de ampliación de coñecementos” , na anualidade 2017 establécese que “A vixencia do convenio será ata o 31 de decembro de 2018, comezará no momento da súa sinatura, con efectos económicos dende o día 01 de xaneiro de 2017, aínda que en calquera momento e antes da finalización deste prazo os asinantes poderán acordar unanimemente a prórroga do convenio, por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción. O anterior é sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera haber lugar, e das obrigas que como contratante incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Calquera modificación e/ou ampliación do presente convenio efectuarase por acordo unánime entre as partes, mediante a subscrición da addenda de modificación respectiva”.

Polo que o convenio está vixente e pode modificarse por acordo das partes.

Consta ao respecto, a solicitude presentada pola Presidenta de UNIATRAMC GALICIA instando o ingreso do 65% restante do importe subvencionado pola Deputación Provincial neste proxecto (posto que xa solicitaron e se lles aboou o 30% en concepto de anticipo) o que implica a

necesidade de modificar a cláusula relativa ao anticipo que aparece no convenio e consecuentemente a cláusula undécima –prazos de xustificación.

Enténdese que esta modificación do convenio relativa ao pagamento anticipado, ten cobertura na normativa nos artigos 17, 34 e concordantes da Lei Xeral de Subvencións, e mesmo no artigo 88 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións. Todos eles referencian os pagamentos anticipados. Estes pagos anticipados suxéitanse, en caso de xustificación inadecuada ou incumprimento das condicións impostas pola subvención, as correspondentes accións de reintegro. Os pagos a conta ou anticipados deben atemperarse ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose, a conta ou como pago anticipado, no equivalente á xustificación presentada (art. 34.4 Lei Xeral de Subvencións). No caso que nos ocupa, a xustificación presentada (sen merma da oportuna comprobación) ascende ao 100% do importe concedido.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, posto que lle é de aplicación a lexislación de subvencións.

En canto ao órgano competente do ente provincial para a modificación do convenio no que se instrumenta a subvención directa excepcional de referencia é a Xunta de Goberno da Deputación, en base ao establecido no artigo 59 do Regulamento orgánico da Excm. Deputación Provincial (publicado no BOP de Lugo núm. 56, de 10 de marzo de 2011) e por ser este o órgano que aprobou a mesma, e na base 24.4 das Bases de Execución do Orzamento provincial para o ano 2018, que aínda que recolle que o órgano competente é a Xunta de Goberno cando o importe individual sexa igual ou superior a 18.000,00€ debe estarse ao establecido na nova Lei de contratos que fixa o importe dos contratos menores nunha contía inferior a 15.000,00€, polo que o órgano competente é a Xunta de Goberno cando o importe individual sexa igual ou superior a 15.000,00€. A aplicación do regulamento publicado no BOP de 10 de marzo de 2011, baséase na circular da Secretaría Xeral de data 2 de novembro de 2018.

Tal é o que procede informar ao respecto, con sometemento a calquera outro criterio mellor “.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobar a segunda modificación a modo de addenda ao convenio da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Asociación de Traballadores Autónomos do Transporte, o Mar e as Comunicacións de Galicia – UNIATRAMC GALICIA- para sufragar os gastos derivados da execución de “Imarisqueo – Proxecto de ampliación de coñecementos”, na anualidade 2017, incorporada ao expediente, e por medio da cal se modifican a cláusula undécima –prazos de xustificación- e as cláusulas adicionais –anticipos- do convenio, quedando redactadas do seguinte xeito e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio de referencia:

- Cláusulas adicionais.-Anticipos.

As partes asinantes acordan que a Excm. Deputación Provincial de Lugo poderá realizar o aboamento anticipado do 95 % sobre o importe total subvencionado, é dicir, 38.041,80 € con dispensa de garantía, tendo en conta a solicitude da Entidade beneficiaria que obra no expediente.
(...)”.

- Cláusula undécima- Prazos de Xustificación:

“Unha vez finalizada a acción ou comportamento as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado e en todo caso, como máximo o día 29 de decembro de 2018. (...)”

2º.- Aprobar a concesión do anticipo con dispensa de garantía do 65% do importe da subvención (xa que o 30% xa foi solicitado e aboado), o que supón unha contía de 26.028,60 €.

3º.- Propoñer o pagamento do antedito anticipo, con dispensa de garantía, unha vez subscrita a segunda addenda do convenio e que conste no expediente a documentación establecida no mesmo, en relación coa tramitación do citado anticipo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta relativa a primeira addenda ao convenio da subvención directa excepcional outorgada por esta Deputación Provincial a Unións Agrarias, co obxecto de colaborar na financiación do “Curso de traballos de substitución de vacún de leite e de carne”.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:

“Considerando a petición realizada por don Roberto García González, en nome e representación de Unións Agrarias, con data 19 de decembro de 2018, mediante o cal solicitaba a concesión dunha prórroga do prazo de execución da actuación subvencionada ao abeiro do Convenio da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación provincial de Lugo a Unións Agrarias, co obxecto de colaborar na financiación do proxecto “Curso De Traballos De Substitución De Vacún De Leite E De Carne”.

Considerando o informe emitido dende a Sección de Promoción Económica e Emprego, no cal informábase que procedía a concesión da prórroga do prazo de execución e xustificación do convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo a Unións Agrarias , co obxecto de colaborar na financiación da “Curso De Traballos De Substitución De Vacún De Leite E De Carne”, asinado polas partes o 17 de decembro de 2018, debido a estacionalidade das tarefas que se desenvolven no sector agrogandeiro e imposible realizar ás prácticas de formación coincidindo cos picos de traballo, polo que para o bo aproveitamento do curso por parte dos alumnos sería convinte que a realización das prácticas coincidira con esta tempada, no que o sector agro gandeiro conta con mais carga de traballo e así acercar os alumnos a realidade do sector.

Considerando os informes emitidos dende o Servizo de Contratación e Fomento, da Secretaría Xeral e a Intervención en relación a aprobación da modificación do convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo a Unións Agrarias, co obxecto de colaborar na financiación da “Curso De Traballos De Substitución De Vacún De Leite E De Carne”, sendo articulada a mesma mediante a primeira addenda que se acompaña con esta proposta, quedando modificados os prazos de execución e xustificación previstos no convenio, pasando a ser 31 de maio de 2019 e 30 de xuño de 2019, respectivamente.

Por todo o anteriormente exposto, proponse a Xunta de Goberno:

Dar aprobación á modificación do convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo a Unións Agrarias, co obxecto de colaborar na financiación da “Curso De Traballos de Substitución de Vacún de Leite e de Carne”, sendo articulada a mesma mediante a primeira addenda que se acompaña”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Cuarto.- *Proposta relativa á modificación ao convenio de colaboración entre esta Deputación Provincial e o concello de Lugo para a execución de fins comúns consistentes en: Desdobramento, urbanización e humanización da Avenida Duquesa de Lugo (Infanta Elena).*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe – proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á modificación ao convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o concello de Lugo, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Desdobramento, urbanización e humanización da Avenida Duquesa de Lugo (Infanta Elena), que dispón o seguinte:

“Asunto: Addenda de modificación ao convenio de colaboración entre a Deputación de Lugo e o concello de Lugo para a execución de fins comúns consistentes en: Desdobramento, urbanización e humanización da Avenida Duquesa de Lugo (Infanta Elena).

En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión extraordinaria celebrada con data 29 de decembro de 2016, prestou aprobación ao convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de LUGO, coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: Desdobramento, urbanización e humanización da Avenida Duquesa de Lugo (Infanta Elena).

En data 30 de decembro de 2016, asinouse o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo, no que entre outros se recollía na cláusula primeira:

<i>INVESTIMENTO:</i>	<i>ACHEGA DEPUTACIÓN</i>
<i>Desdobramento, urbanización e humanización da Avenida Duquesa de Lugo (Infanta Elena)</i>	<i>Achega 2016: 500.000,00€ Achega 2017: 350.000,00€ Achega 2018: 150.000,00€</i>
<i>TOTAL</i>	<i>1.000.000,00€</i>

Na cláusula terceira, relativa ás obrigas da Deputación:

1. Ao financiamento dos investimentos descritos na cláusula primeira, polos importes indicados, con un total de 1.000.000,00€, dos que 500.000,00€ son con cargo ao orzamento do 2016; 350.000,00€ con cargo ao orzamento de 2017 e 150.000,00 euros con cargo ao orzamento de 2018. A Deputación adquire o compromiso de incluír no orzamento 2017 o importe de 350.000,00€ e no orzamento 2018 o importe de 150.000,00€ supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

E referente ás obrigas do Concello de Lugo:

“(…)

- Licitar as actuacións con suxeición ao establecido no TRLCSP, como órgano de contratación

(…)

- Executar os investimentos relacionados obxecto deste convenio, na data límite do 31 de Agosto de 2018.

(…)”

Don Manuel Núñez López, Tenente de Alcalde Delegado da área de Educación e Infraestructuras Urbanas do Concello de Lugo, achega a Deputación de Lugo escrito debidamente asinado, con RE 23230 de data 24 de agosto de 2018, a través do que manifesta “... que por parte do concello se procedeu á contratación dunha asistencia técnica para a redacción do proxecto ...; que por parte do concello realizouse unha encomenda de xestión á empresa municipal da vivenda e solo (EVISLUSA) estando neste momento nunha avanzada fase de redacción... ; será necesario solicitar unha prórroga na vixencia do Convenio, solicitando que se estenda ata, polo menos o 31 de marzo de 2020 ...”.

Así mesmo, por escrito da Alcaldía, de data 13 de decembro de 2018, de 14 de decembro de 2018, a través do que manifesta “...Unha vez redactado o proxecto e estando en trámite o procedemento expropiatorio para a obtención dos terreos, ao que se comprometeu o Concello de Lugo, poideronse comprobar dúas curcunstancias diferentes, a saber:

a) A previsión orzamentaria inicial non é suficiente para a execución das obras necesarias, xa que do orzamento proxectado constátase que a cantidade ascende a un total de 1.473.169,66 €.

b) Debido a diferentes incidencias xurdidas na tramitación do expediente expropiatorio, por parte de EVISLUSA, con base na encomenda de xestión realizada, pódese comprobar que as anualidades inicialmente contempladas non poden ser cumpridas.

Por todo elo estímase preciso que a colaboración da Deputación Provincial de Lugo co Concello de Lugo se faga dunha forma máis intensa de forma que, por unha parte, sexa a propia entidade provincial a que se faga responsable da tramitación da contratación das obras e, por outra, se intensifique a colaboración administrativa entre ambas entidades, co obxecto da máis rápida obtención dos terreos precisos para a execución de ditas obras.

O artigo 31 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, en relación coa potestade de auto organización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal dispón que: “as entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre sí dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

a) Mediante sistemas de cooperación vertical consistentes no uso de medios propios personificados no sentido e cos límites establecidos no artigo 32 para os poderes adjudicadores, e no artigo 33 para os entes do sector público que non teñan a consideración de poder adjudicador, no exercicio da súa potestade de auto organización, mediante o oportuno acordo de encargo.

b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que establecense no apartado 1 do artigo 6.

2. A os efectos do disposto no apartado anterior, as entidades pertencentes ao sector público poderán, en todo caso, acordar a realización conxunta de contratacións específicas.

3. Cando un procedemento de contratación desenvólvese na súa totalidade de forma conxunta en nome e por conta de varias entidades, éstas terán a responsabilidade conxunta do cumprimento das súas obrigacións. Elo aplicarase tamén en aqueles casos nos que unha sola entidade administre o procedemento, por conta propia e por conta das demais entidades interesadas.

Cando un procedemento de contratación non se desenvolva na súa totalidade en nome e por conta das entidades interesadas, estas solo terán a responsabilidade conxunta por aquelas partes que se teñan levado a cabo conxuntamente. Cada entidade será a única responsable do cumprimento das súas obrigas con respecto ás partes que leve a cabo en seu propio nome e por conta propia.

Por todo lo exposto solicito da Deputación Provincial de Lugo:

1º.- A modificación das cláusulas Primeira e Cuarta do Convenio de colaboración suscrito, con data 30 de decembro de 2016, entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo cuxo obxecto é establecer as bases de colaboración entre ambas entidades locais para a realización da obra: Desdobramento, urbanización e humanización da Avenida Duquesa de Lugo (Infanta Elena).

2º.- A modificación fará referencia ás aportacións realizadas por cada unha das entidades convenientes, que quedará da seguinte forma:

ENTIDADE	DEPUTACIÓN DE LUGO		CONCELLO DE LUGO	
ANUALIDADE/APORTACIÓN	2018	350.000 €	2018	50.000 €
	2019	700.000 €	2019	-
	2020	373.169,66 €	2020	-

3º.- Introducir unha adenda no convenio na que se faga constar que, con base no establecido no artigo 31 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, a Deputación Provincial de Lugo manterá un sistema de cooperación horizontal consistente na colaboración, dende o punto de vista procedimental, para a obtención dos terreos precisos para a contratación das obras, xa que en dita colaboración no ámbito procedimental:

a) A Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo, coa actuación conveniada non teñen vocación de mercado.

b) O convenio establece e desenvolve unha cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben préstanse de xeito que logranse os obxetivos que teñen en común, cales son a mellora da calidade de vida dos cidadáns do Concello de Lugo e a asistencia técnica, xurídica e económica cos Concellos, que a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local atribue ás Deputacións Provinciais.

c) Que no desenvolvemento da actuación de “Desdobramento, urbanización e humanización da avenida Duquesa de Lugo” ambas entidades guíanse unicamente por consideracións relacionadas co interés dos veciños do Concello e da Provincia de Lugo e o desenvolvemento da cooperación guíase, unicamente, por consideracións relacionadas co interés público.

Así mesmo, por escrito de data 21/12/2018, o Concello de Lugo solicita que o cadro de financiamento da actuación sexa o seguinte:

	2018	2019	2020
DIPUTACIÓN	150.000	600.000	673.169,66
AYUNTAMIENTO	50.000		

Con ocasión da presentación do escrito do Concello de data 24 de agosto, detectouse polos distintos centros xestores que a prórroga solicitada, demandaba a necesidade de efectuar un reaxuste de anualidades, que se efectúan a través desta addenda, evitando a perda da consignación anual, no sistema de xestión orzamentaria.

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e

deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

b) Convenios de colaboracións, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os

asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, concreta as materias a incluír, que se cumpre neste suposto.

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nen tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

O Convenio formalizado, denominado de colaboración, na redacción inicial, canaliza unha relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e no convenio analizado, ao igual que na modificación proposta. Esta ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“ 1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)

Doutra parte, na relación interadministrativa entre a Deputación e Concellos, instruméntase unha competencia propia da deputación provincial como é a de asistir económica, técnica e xuridicamente aos concellos da Provincia.

A maior abastanza a intervención desta Deputación Provincial, prevista no convenio de referencia tería sustento no artigo 36.1 da amentada Lei, e no artigo 30.6.e) e h) do RDL 781/1986 de 12 de abril, no sentido este último de que a Deputación executa obras no territorio provincial e coopera a través da subscrición de convenios de colaboración.

A modificación do convenio de colaboración, subscrito o 30 de decembro de 2016, proposta polo Concello de Lugo, interesa unha intensificación da colaboración, de modo que a entidade Provincial actúe como órgano de contratación e para obter máis rapidamente os terreos precisos para a execución das obras. A estes efectos invócase o novidoso e recente artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), en relación coas potestades de auto organización e sistemas de cooperación vertical e horizontal.

A fin de avaliar esta intensificación da cooperación, compre efectuar as seguintes reflexións de orde mais dogmático, significando a evolución lexislativa e doutrinal, en canto a articulación das relacións interadministrativas.

O propio preámbulo da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP) , destaca a vinculación entre eficacia e a ordenación xurídico –pública e institucional. Observase unha mutación no centro de gravidade, na concepción dos “servizos públicos” (lato sensu), que xa non é tanto a administración prestadora e as súas potestades, senón os cidadáns titulares de dereitos, par a súa esixencia e para unha prestación que sexa ademais de legal, boa, intelixente e eficiente. Nesta liña, o artigo 140 LRXSP fai referencia especialmente a eficiencia, “... compartiendo el uso de recursos comunes, salvo que no resulte posible, (...); en la gestión de recursos públicos supone compartir recursos comunes, recursos que pueden ser económicos, pero también medios personales o de bienes ...”

Sostense que na actualidade, o modelo de Estado relacional é unha evolución lóxica do “previo” Estado prestacional (Lorenzo Mellado Ruiz, “acercamiento a la acción pública colaborativa: mecanismos horizontales y verticales de colaboración administrativa”, unidad formativa CEMCI 2018).

Na relación interadministrativa regulada no título III da Lei 40/2015, de 1 de outubro (LRXSP), diferenciase no capítulo I, de principios Xerais das relacións (art 140), un capítulo II, sobre o deber de colaboración entre as administracións públicas (art 141) e as técnicas de colaboración (art. 142), entre as que cabe citar o deber de asistencia e auxilio, para atender as solicitudes formuladas por outras administracións para o mellor exercicio das súas competencias (letra c) do art 142).

O capítulo II, do citado título III (LRXSP) ocúpase das relacións de colaboración, entre as técnicas de cooperación cítanse:

(...)

d) As de tipo prestacional como a prestación de medios materiais, económicos ou persoais a outras administracións (art 144.1.d) –LRXSP).

(...)

g) As actuacións de cooperación en materia patrimonial, incluídos os cambios de titularidade e a cesión de bens, prevista na lexislación patrimonial (art 144.1.g –LRXSP)

A formalización das relacións de cooperación require a aceptación expresa das partes, que se pode expresar como neste caso, por vía de convenio (art 143.2). En tanto que como técnica de cooperación, os convenios e acordos que formalicen a cooperación han de prever as condicións e compromisos que asuman as partes subscritoras.

Doutrinalmente alúdese a colaboración, a cooperación e a coordinación cos seguintes trazos xerais:

- Colaboración: deber de actuar co resto de administracións públicas para o logro de fins comúns*
- Cooperación: asunción por dúas ou máis administracións públicas, de maneira voluntaria e no exercicio das súas competencias, de compromisos específicos en aras dunha acción común.*

- *Coordinación: obriga por parte dunha administración pública e, singularmente a Administración Xeral do Estado, de garantir a coherencia das actuacións das diferentes administracións públicas afectadas por unha mesma materia para a consecución dun resultado común, cando así o preve a Constitución e o resto de ordenamento xurídico.*

En consecuencia, a modificación proposta do convenio de colaboración epigrafado, enmárcase nesta base normativa e doutrinal, e organiza no eixe dunha acción colaborativa, sen crear personificacións xurídicas, entre administracións públicas:

- a) Técnicas de colaboración (deber de asistencia; art 142 LRXSP)*
- b) Técnicas de cooperación, mediante a prestación de medios materiais, económicos e persoais.*

Actuación de xestión patrimonial para a posta a disposición de terreos necesarios para executar os fins do convenio, incluídos tarefas para a súa obtención e unha vez materializadas as obrigas de facer para obter o resultado, cal é a execución do Desdobramento, urbanización e humanización da Avenida Duquesa de Lugo (Infanta Elena), a súa entrega ao Concello de Lugo, titular dos resultados, para a súa posta en funcionamento, apertura ao uso público e mantemento e coidado, coas restantes obrigas propias do titular dese dominio público resultante.

As operacións de xestión patrimonial, vía convenio, fundaméntanse no antedito artigo 144.1.g da LRXSP e nos artigos 185 e D. Final 2ª da Lei 33/2003, de 3 de novembro, en relación con artigos 17 e 25 da Lei 5/2011, do 30 de setembro da Lei de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, aplicable ás entidades locais, en virtude da súa disposición adicional segunda.

Unha das modificacións propostas ao convenio é que a Deputación actúe como órgano de contratación, a cal atopa cobertura nas técnicas de cooperación previstas na LRXSP e confirmadas polo artigo 31 da LCSP, singularmente no seu parágrafo terceiro, invocado na solicitude do Concello.

Na fase preparatoria do contrato de obras, deberá efectuarse a oportuna supervisión do proxecto técnico e o reformulo do mesmo, a efectos da dispoñibilidade dos terreos, en cuxa

tramitación colaborará e/ou cooperará a entidade Provincial con medios materiais e/ou persoais desta administración.

O Concello de Lugo aportará as autorizacións e licencias precisas, que as poñerá a disposición da Deputación para a execución do investimento obxecto do convenio.

O convenio articula, que o Concello aporte o proxecto técnico; a Deputación actúe como órgano de contratación; se ben será por Conta do Concello de Lugo a dirección técnica e a coordinación de seguridade e saúde.

Tamén se ordena, neste negocio xurídico relacional, a recepción da obra (contrato de obra) e a súa entrega patrimonial ao Concello de Lugo (art. 173 do RD 1098/2001, do 12 de outubro).

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O municipio de Lugo é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...l); Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre; (...).e tamén materias como urbanismo ou medio ambiente urbano.

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 20.000 habitantes: ... e instalacións deportivas de uso público.

A Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, establece no seu artigo 1 o obxecto, sinalando “ten por obxecto regular o dominio público viario nas redes de estradas de titularidade Autonómica de Galicia ou das entidades locais do seu ámbito territorial, e establecer os procesos de planificación, proxección, construción, financiamento, explotación, uso e protección de aquel e os mecanismos que permitan coordinar a actuación das distintas administracións titulares”. Do mesmo xeito, o artigo 9.3 desta mesma Lei sinala en canto a titularidade das estradas “ ... as de titularidade das respectivas entidades locais compoñen a súa correspondente rede de estradas”. É de ter en conta o establecido nos artigos 30.1.c en canto ao financiamento das actuacións, “mediante procedementos de colaboración con outras administracións públicas, sociedades ou entes públicos, con outros organismos locais, nacionais ou internacionais, ou con particulares” e

33.6 da amentada Lei, “correspóndelle aos Concellos a conservación e mantemento de todos os elementos que, estando situados no dominio público viario, non formen parte da estrada nin dos seus elementos funcionais, e lles sirvan a aqueles para exercer as súas competencias propias”.

Neste mesmo senso debe terse en conta o Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, e en concreto o establecido no artigo 18 – cambios de titularidade-; artigo 76.2 –procedementos de colaboración- “(...), c) Instalación, ás súas expensas e polos seus propios medios, de elementos funcionais ou equipamentos complementarios da estrada, tales como mobiliario urbano e calquera outro similar, (...); artigo 77 –convenios de colaboración- e artigo 85 –dirección e inspección da explotación-.

A maiores, debe terse en conta a Lei Galega 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade, que establece, entre outros, o principio de accesibilidade universal e fixa condicións de accesibilidade para o acceso e utilización de espazos públicos urbanizados, itinerarios, parques, xardíns e espazos libres, aparcamentos,... (artigos 5 a 8). Esta Lei Galega ditase tendo en conta o RD Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, de modo que a accesibilidade universal conforma unha acción para remover os obstáculos que impiden ou dificultan a igualdade efectiva de persoas ou grupos de persoas, consonte aos mandatos dos artigos 9.2; 10; 14 e 49 da CE e a convención internacional sobre dereitos das persoas con discapacidade e os tratados e acordos internacionais ratificados por España.

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Sinalar que o convenio de colaboración se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da

Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia.

A potestade de auto organización e este sistema de cooperación horizontal desenvólvese mais polo miúdo na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e incorporación das directivas, en tanto que ambas administracións participantes actúan coa finalidade de garantir os servizos públicos que lles incumben.

A subscrición desta modificación do convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/8, de Bases de réxime local.

O Concello de Lugo será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación, unha vez entregada a obra ao Concello, que se obriga a recepcionar da Deputación, unha vez cumprido o contrato de obras nos termos do artigo 243 da LCSP.

A presente modificación ao convenio, non lle é de aplicación lexislación en materia de contratos:

a) Non sería, por estar vixente no momento da sinatura do convenio, a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no art. 4.1.c) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, que sinala que “están excluídos do eido da citada lei: (...); c) Os convenios de colaboración que desenvolva a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas, as Entidades Locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que celebren estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a esta Lei.”

b) Non é, por estar vixente no momento da modificación, a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do

Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”.

Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), no é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta para a CCAA de Galicia o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia aplicable como criterio interpretativo e de integración normativa aos convenios de colaboración nos que participe a comunidade autónoma.

Sobre a modificación interesada, o artigo 49 da lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa que se refire ao contido dos convenios e no seu apartado 2 establece que “en cualquier momento antes de la finalización del plazo previsto para la vigencia del convenio, los firmantes podrán acordar unánimamente su prórroga por un período de hasta cuatro años adicionales o su extinción”.

Xa que logo, a cláusula quinta do dito convenio precisa que a súa vixencia comezará no momento da súa sinatura, e en todo caso a súa vixencia concluírá no momento en que por parte da Deputación se proceda á aprobación e pagamento da conta xustificativa, que deberá efectuarse antes do 31-12-2018, data na que, salvo prórroga previamente acordada, se extinguirá o convenio por vencemento do prazo.

En consecuencia o convenio neste momento está vixente, e as partes poden modificar, mediando acordo de vontades, algunha das súas determinacións; neste senso o artigo 49 letra g) da Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos asinantes.

Vixente o convenio, este pode ser modificado polas partes, cos límites relatados de concorrencia de razóns de interese público e/ou semellantes motivadores da concesión e sen danar ou prexudicar a terceiros.

Media vontade das dúas partes para a modificación do convenio, nos seguintes termos:

1. *Modificación da cláusula primeira, no sentido de adaptar as anualidades previstas á realidade prevista da execución das obra, realizando os oportunos axustes financeiros e orzamentarios, quedando do seguinte xeito:*

	2018	2019	2020
DIPUTACIÓN	150.000	600.000	673.169,66
AYUNTAMIENTO	50.000		

2. *Modificación da cláusula terceira, a fin de:*

- a. *Adaptar os importes concretos ás anualidades indicadas no cadro precedente.*
- b. *Excluír o deber do Concello de licitar as actuacións obxecto do convenio con arreglo á lexislación en materia de contratación pública, ao ser a Deputación órgano de licitación.*
- c. *Fixar como data para rematar a execución da obra o 30 de novembro de 2020.*
- d. *Establecer operacións de xestión patrimonial para que a Deputación teña dispoñibilidade de terreos, que permita a licitación das obras de Desdobramento, urbanización e humanización da Avenida Duquesa de Lugo (Infanta Elena), e a obriga do Concello de Lugo de asumir o resultado do convenio e da contratación das obras unha vez executadas e recepcionadas polo órgano de contratación.*

3. *Modificación da cláusula cuarta, no sentido de adaptar as anualidades ao cadro precedente, fixando a obriga do concello a aportar 50.000,00 euros na anualidade de 2018 e eliminando os apartados b) e c) relativos á achega da xustificación e anticipo, ao ser a Deputación quen contrate a obra.*

4. *Modificación da cláusula quinta, no sentido de fixar a vixencia do convenio, quedando esta establecida no 30 de novembro de 2020. Non se poderá superar o prazo de duración de 4 anos contados desde o 30 de decembro de 2016, data de outorgamento do convenio.*

En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018) trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de modificación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente .

É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

Por todo o exposto proponse:

Que se aprobe a modificación ao convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o concello de Lugo, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Desdoblamento, urbanización e humanización da Avenida Duquesa de Lugo (Infanta Elena), de tal xeito que se modifique:

1º.- A cláusula primeira, no sentido de adaptar as anualidades previstas á realidade prevista da execución das obra, realizando os oportunos axustes financeiros e orzamentarios, quedando do seguinte xeito:

	2018	2019	2020
DIPUTACIÓN	150.000	600.000	673.169,66
AYUNTAMIENTO	50.000		

2º.- A cláusula terceira, a fin de:

- a. Adaptar os importes concretos ás anualidades indicadas no cadro precedente.
- b. Excluir o deber do Concello de licitar as actuacións obxecto do convenio con arreglo á lexislación en materia de contratación pública, ao ser a Deputación órgano de licitación.
- c. Fixar como data para rematar a execución da obra o 30 de novembro de 2020.

Establecer operacións de xestión patrimonial para que a Deputación teña dispoñibilidade de terreos, que permita a licitación das obras de Desdobramento, urbanización e humanización da Avenida Duquesa de Lugo (Infanta Elena), e a obriga do Concello de Lugo de asumir o resultado do convenio e da contratación das obras unha vez executadas e recepcionadas polo órgano de contratación.

3º.- A cláusula cuarta, no sentido de adaptar as anualidades ao cadro precedente, fixando a obriga do concello a aportar 50.000,00 euros na anualidade de 2018 e eliminando os apartados b) e c) relativos á achega da xustificación e anticipo, ao ser a Deputación quen contrate a obra.

4º.- A cláusula quinta, no sentido de fixar a vixencia do convenio, quedando esta establecida no 30 de novembro de 2020. Non se poderá superar o prazo de duración de 4 anos contados desde o 30 de decembro de 2016, data de outorgamento do convenio”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Quinto.- *Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación Provincial e o concello de Trabada coa finalidade común de colaborar na pavimentación mediante mezcla asfáltica en quente do acceso a San Martiño.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe – proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de

Trabada, coa finalidade común de colaborar na “Pavimentación mediante mezcla asfáltica en quente do acceso a San Martiño” que dispón o seguinte:

“Asunto: Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o concello de Trabada para a execución de fins comúns consistentes en: Pavimentación mediante mezcla asfáltica en quente do acceso a San Martiño”.

En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

Proposta de borrador de convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Trabada.

D^a. Mayra García Bermúdez, Alcaldesa do Concello de Trabada achega escrito de solicitude de relación interadministrativa (público-público), de data 17/12/2018, ao que acompaña declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, da Seguridade Social e da Facenda Autonómica impostas polas disposicións vixentes así como de non ter débedas con esta Deputación en período executivo e memoria valorada para a realización conxunta polo Concello de Trabada e a Deputación de Lugo, das actuacións de: Pavimentación mediante mezcla asfáltica en quente do acceso a San Martiño”, nas que conflúen os respectivos títulos competenciais, para satisfacer demandas veciñais de xeito eficiente. Na memoria explícanse os fins e obxectivos perseguidos con cada un dos investimentos que se articulan neste convenio.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre o Concello de Trabada e a Deputación Provincial de Lugo en exercicio dunha competencia compartida, para acadar o obxectivo de executar os fins comúns de: Pavimentación mediante mezcla asfáltica en quente do acceso a San Martiño” Esta acción colaborativa non conforma prestacións propias dos contratos, regulados na lexislación de contratos do sector público ou en normas administrativas especiais, comprometéndose a realizar os seguintes investimentos:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
PAVIMENTACIÓN MEDIANTE MEZCLA ASFÁLTICA EN QUENTE DO ACCESO A SAN MARTIÑO	56.168,10€	--
HONORARIOS FACULTATIVOS	---	2.831,90€
TOTAL	59.000,00€	

O concello de Trabada achegará os proxectos técnicos; e, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das obras, segundo proceda legalmente; así mesmo encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran normativamente.

O Concello aportará tódolos terreos precisos, permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución e financiará o importe que reste, e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común, e de interese público, perseguido; comprometéndose a recibir a obra, aperturala mantela e dar o servizo á veciñanza que proceda, segundo a natureza e destino de cada un dos investimentos obxecto desta acción colaborativa.

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

c) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...).”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

- i) Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.*
- j) A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.*

k) *O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.*

l) *Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.*

m) *Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento*

n) *Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.*

o) *Réxime de modificación do convenio.*

p) *Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:*

a. *Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.*

b. *En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.*

(...)”

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo (acción colaborativa) manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lai 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a

asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”. Estas relacións interadministrativas enraizan no título III do citado LRXSP.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-; precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“ 1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do estado prestacional ao estado relacional,

enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade. Neste suposto e dada a natureza das actuacións promovidas, fundamentalmente resultados concretos.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O municipio de Trabada é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na

calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, e nos termos da lexislación do Estado e Autonómica, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...)

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallo”. O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: “nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)”

En canto á mellora de camiños e accesos a núcleos de poboación, ademais: a Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, establece no seu artigo 1 o obxecto, sinalando “ten por obxecto regular o dominio público viario nas redes de estradas de titularidade Autonómica de Galicia ou das entidades locais do seu ámbito territorial, e establecer os procesos de planificación, proxección, construción, financiamento, explotación, uso e protección de aquel e os mecanismos que permitan coordinar a actuación das distintas administracións titulares”. Do mesmo xeito, o artigo 9.3 desta mesma Lei sinala en canto a titularidade das estradas “... as de titularidade das respectivas entidades locais compoñen a súa correspondente rede de estradas”. É de ter en conta o establecido nos artigos 30.1.c en canto ao financiamento das actuacións, “mediante procedementos de colaboración con outras administracións públicas, sociedades ou entes públicos, con outros organismos locais, nacionais ou internacionais, ou con particulares” e 33.6 da amentada Lei, “correspóndelle aos Concellos a conservación e mantemento de todos os elementos que, estando situados no dominio público viario, non formen parte da estrada nin dos seus elementos funcionais, e lles sirvan a aqueles para exercer as súas competencias propias”.

Neste mesmo senso debe terse en conta o Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, e en concreto o establecido no artigo 18 – cambios de titularidade-; artigo 76.2 –procedementos de colaboración- “(...), c) Instalación, ás súas expensas e polos seus propios medios, de elementos funcionais ou equipamentos complementarios da estrada, tales como mobiliario urbano e calquera outro similar, (...); artigo 77 –convenios de colaboración- e artigo 85 –dirección e inspección da explotación-.

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos Concellos ao igual que outras leis estatais sectoriais.

O Concello de Trabada, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación , segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada investimento, sendo responsabilidade do Concello de Trabada tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo. Naturalmente cabe a execución directa das prestacións polo propio Concello, a través de medios propios non personificados, de acordo co previsto no artigo 30 da LCSP.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo e do Consello, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da asesoría xurídica xeral da Xunta de Galicia; e na actualidade asumido e regulado no artigo 31 da LCSP/2017 ao referirse ás potestades de auto organización e sistemas de cooperación vertical e horizontal.

Así, para a consecución do fin común perseguido por ambas administracións, sen vocación de mercado, que é a dotación aos veciños do Concello de Trabada, da Provincia e da cidadanía en xeral das actuacións sinaladas, establécese esta relación bilateral de colaboración e cooperación (acción pública colaborativa) guiadas unicamente por consideracións de interese público, nas que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e compromisos:

ANUALIDADE	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	CONCELLO DE TRABADA
2018	56.168,10€	2.831,90€

Concello de Trabada: As obrigas de facer e no seu caso achegas relacionadas no Convenio interadministrativo obxecto deste informe.

Esta relación interadministrativa de cooperación enmarcarase, xa que logo, na estrutura dunhas administracións ordenadas para remover os obstáculos que impidan ou dificultan que a igualdade e liberdade dos individuos e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivos, especialmente acaído nunha provincia de dinámicas demográficas rurais e poboación envellecida, mellorando os servizos e prestacións dirixidas a cidadanía e equipamentos.

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local. Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos. No convenio inclúese o cadro orzamentario e de financiamento con cargo a anualidade 2018.

O concello de Trabada será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

Ao presente convenio non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”, precepto que se complementa con artigo 31 da propia LCSP relativo á potestade de auto organización e a cooperación pública horizontal. As entidades participantes non deben ter vocación de mercado; o convenio debe promover unha cooperación para garantir que servizos públicos que lles incumben, se presten de modo que se logren os obxectivos que teñen en común e que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación.

A terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018) trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Trabada coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de Pavimentación mediante mezcla asfáltica en quente do acceso a San Martiño”, cun orzamento total de 59.000,00 euros.

2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 56.168,10 euros, con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2018”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Sexto.- *Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación Provincial e o concello de Láncara coa finalidade común de colaborar na mellora e acondicionamento do pavillón polideportivo municipal de Pobra de San Xiao.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe – proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Láncara, coa finalidade común de colaborar na *mellora e acondicionamento do pavillón polideportivo municipal de Pobra de San Xiao*, que dispón o seguinte:

“Asunto: convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o concello de Láncara para a execución de fins comúns consistentes en: mellora e acondicionamento do pavillón polideportivo municipal de Pobra de San Xiao.

En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

Proposta de borrador de convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Láncara.

D. Darío Antonio Piñeiro López, Alcalde do Concello de Láncara achega escrito de solicitude de relación interadministrativa (público-público), de data 19-12-2018, ao que acompaña declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, da Seguridade Social e da Facenda Autonómica impostas polas disposicións vixentes así como de non ter débedas con esta Deputación en período executivo e memoria valorada para a realización conxunta polo Concello de Láncara e a Deputación de Lugo, das actuacións de: mellora e acondicionamento do pavillón polideportivo municipal de Pobra de San Xiao, nas que conflúen os respectivos títulos competenciais, para satisfacer demandas veciñais de xeito eficiente. Na memoria explícanse os fins e obxectivos perseguidos con cada un dos investimentos que se articulan neste convenio.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre o Concello de Láncara e a Deputación Provincial de Lugo en exercicio dunha competencia compartida, para acadar o obxectivo de executar os fins comúns de: mellora e acondicionamento do pavillón polideportivo municipal de Pobra de San Xiao.

Esta acción colaborativa non conforma prestacións propias dos contratos, regulados na lexislación de contratos do sector público ou en normas administrativas especiais, comprometéndose a realizar os seguintes investimentos:



INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
MELLORA E ACONDICIONAMENTO DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE POBRA DE SAN XIAO	80.000,00€	15,80€
PROXECTOS TÉCNICOS	--	2.117,50€
SUB-TOTAL	80.000,00€	2.133,30€
TOTAL	82.133,30€	

O concello de Láncara achegará os proxectos técnicos; e, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das obras, segundo proceda legalmente; así mesmo encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran normativamente. O Concello aportará tódolos terreos precisos, permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución e financiará o importe que reste, e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común, e de interese público, perseguido; comprometéndose a recibir a obra, aperturala mantela e dar o servizo á veciñanza que proceda, segundo a natureza e destino de cada un dos investimentos obxecto desta acción colaborativa.

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

d) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostíbeis, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...).”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

q) Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

r) A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

s) *O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.*

t) *Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.*

u) *Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento*

v) *Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.*

w) *Réxime de modificación do convenio.*

x) *Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:*

a. *Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.*

b. *En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.*

(...)”

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo (acción colaborativa) manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lai 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán ”Prestar, no ámbito propio, a

asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”. Estas relacións interadministrativas enraizan no título III do citado LRXSP.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-; precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“ 1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do estado prestacional ao estado relacional,

enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade. Neste suposto e dada a natureza das actuacións promovidas, fundamentalmente resultados concretos.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Locais de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O municipio de Láncara é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na

calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, e nos termos da lexislación do Estado e Autonómica, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...); h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local; (...); l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre; m) promoción da cultura e equipamentos culturais (...)

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumeado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallo”. O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: “nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)”

O artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, establece as competencias deportivas das Deputacións Provinciais, entre elas: “(...) Fomentar, promover e difundir o deporte; asistir aos municipios e colaborar con eles, sobre todo cos de menor capacidade; calquera outra actuación que redunde en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial” e o artigo 8 as competencias dos concellos en materia deportiva, “(...) construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal, e no seu caso a xestión e mantemento das de titularidade autonómica ...”

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos Concellos ao igual que outras leis estatais sectoriais.

O Concello de Láncara, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación , segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada investimento, sendo responsabilidade do Concello de Láncara tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo. Naturalmente cabe a execución directa das prestacións polo propio Concello, a través de medios propios non personificados, de acordo co previsto no artigo 30 da LCSP.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo e do Consello, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da asesoría xurídica xeral da Xunta de Galicia; e na actualidade asumido e regulado no artigo 31 da LCSP/2017 ao referirse ás potestades de auto organización e sistemas de cooperación vertical e horizontal.

Así, para a consecución do fin común perseguido por ambas administracións, sen vocación de mercado, que é a dotación aos veciños do Concello de Láncara, da Provincia e da cidadanía en xeral das actuacións sinaladas, establécese esta relación bilateral de colaboración e cooperación (acción pública colaborativa) guiadas unicamente por consideracións de interese público, nas que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e compromisos:

ANUALIDADE	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	CONCELLO DE LÁNCARA
2018	80.000,00€	2.133,30€

Concello de Láncara: As obrigas de facer xunto coas achegas relacionadas no Convenio interadministrativo obxecto deste informe, e no cadro precedente.

Esta relación interadministrativa de cooperación enmarcarase, xa que logo, na estrutura dunhas administracións ordenadas para remover os obstáculos que impidan ou dificultan que a igualdade e liberdade dos individuos e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivos, especialmente acaído nunha provincia de dinámicas demográficas rurais e poboación envellecida, mellorando os servizos e prestacións dirixidas a cidadanía e equipamentos.

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local. Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos. No convenio inclúese o cadro orzamentario e de financiamento con cargo a anualidade 2018

O concello de Láncara será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

Ao presente convenio non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”, precepto que se complementa con artigo 31 da propia LCSP relativo á potestade de auto organización e a cooperación pública horizontal. As entidades participantes non deben ter vocación de mercado; o convenio debe promover unha cooperación para garantir que servizos públicos que lles incumben, se presten de modo que se logren os

obxectivos que teñen en común e que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018) trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente .

É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Láncara coa finalidade común de colaborar na

execución dos fins comúns de mellora e acondicionamento do pavillón polideportivo municipal de Pobra de San Xiao, cun orzamento total de 82.133,30 euros.

2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 80.000,00 euros, con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2018”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Séptimo.- *Proposta relativa á modificación segunda ao Convenio interadministrativo entre esta Deputación Provincial e o concello de Ribeira de Piquín para a execución de fins comúns consistentes en: Acondicionamento e pavimentación de pistas municipais en Ribeira de Piquín, incluído honorarios técnicos*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe – proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á modificación segunda ao convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o concello de Ribeira de Piquín, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Acondicionamento e pavimentación de pistas municipais en Ribeira de Piquín, incluído honorarios técnicos, que dispón o seguinte:

“Asunto: Modificación segunda convenio interadministrativo entre esta Deputación Provincial e o concello de Ribeira de Piquín para a execución de fins comúns consistentes en: Acondicionamento e pavimentación de pistas municipais en Ribeira de Piquín, incluído honorarios técnicos

En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 01 de decembro de 2017, prestou aprobación ao convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribeira de Piquín, coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: Acondicionamento e pavimentación de pistas municipais en Ribeira de Piquín, incluído honorarios técnicos. Este convenio foi modificado por acordo da Xunta de Goberno de data 08/06/2018.

En data 19 de decembro de 2017, asinouse o convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribeira de Piquín, no que entre outros se recollía na cláusula primeira:

“(…)

<i>INVESTIMENTO: (LIÑA 1)</i>	<i>ACHEGA DEPUTACIÓN</i>
<i>ACONDICIONAMENTO E PAVIMENTACIÓN DE PISTAS MUNICIPAIS EN RIBEIRA DE PIQUÍN, INCLUÍDO HONORARIOS TÉCNICOS.</i>	<i>42.000,00€</i>
<i>SUB-TOTAL (1)</i>	<i>42.000,00€</i>

E na cláusula terceira:

Obrigas do Concello de Ribeira de Piquín.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo, o Concello de RIBEIRA DE PIQUÍN comprométese ao seguinte:

a) Achegar como contribución ao fin común, os proxectos técnicos e/ou memorias valoradas necesarios para a execución das obras /investimentos segundo legalmente proceda, así como asumir a dirección de obra, dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións que sexan preceptivas.

(…)”

En data 20 de agosto de 2018 asinouse modificación primeira ao convenio interadministrativo.

Coa presentación da conta xustificativa, detéctase erro na redacción do convenio, ao existir unha incongruencia, xa que por un lado na cláusula primeira figura incluído os honorarios facultativos no importe total a financiar pola Deputación de Lugo, coincidindo así coa solicitude do Concello de Ribeira de Piquín, mentres que por erro se inclúe na cláusula terceira que os proxectos e/ou memorias e dirección de obra, execución e coordinación de seguridade como obriga do Concello.

Así pois, esta contradición necesita ser emendada a fin de aprobar correctamente a conta xustificativa e dar solución á incongruencia detectada, polo que é necesario unha addenda de modificación neste sentido.

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

e) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...).”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, concreta que “deberán incluír, polo menos:

- a) Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.*
- b) A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.*
- c) O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.*

d) *Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.*

e) *Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento*

f) *Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.*

g) *Réxime de modificación do convenio.*

h) *Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:*

a. *Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.*

b. *En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.*

(...)”

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nen tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lai 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“ 1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscripción de convenios administrativos;

(...)

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O municipio de Ribeira de Piquín é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...); e tamén materias como urbanismo ou medio ambiente urbano.

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallo”. O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: “nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)”

A Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, establece no seu artigo 1 o obxecto, sinalando “ten por obxecto regular o dominio público viario nas redes de estradas de titularidade Autonómica de Galicia ou das entidades locais do seu ámbito territorial, e establecer os procesos de planificación, proxección, construción, financiamento, explotación, uso e protección de aquel e os mecanismos que permitan coordinar a actuación das distintas administracións titulares”. Do mesmo xeito, o artigo 9.3 desta mesma Lei sinala en canto a titularidade das estradas “... as de titularidade das respectivas entidades locais compoñen a súa correspondente rede de estradas”. É de ter en conta o establecido nos artigos 30.1.c en canto ao financiamento das actuacións, “mediante procedementos de colaboración con outras administracións públicas, sociedades ou entes públicos, con outros organismos locais, nacionais ou internacionais, ou con particulares” e 33.6 da amentada Lei, “correspóndelle aos Concellos a conservación e mantemento de todos os

elementos que, estando situados no dominio público viario, non formen parte da estrada nin dos seus elementos funcionais, e lles sirvan a aqueles para exercer as súas competencias propias”.

Neste mesmo senso debe terse en conta o Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, e en concreto o establecido no artigo 18 – cambios de titularidade-; artigo 76.2 –procedementos de colaboración- “(...), c) Instalación, ás súas expensas e polos seus propios medios, de elementos funcionais ou equipamentos complementarios da estrada, tales como mobiliario urbano e calquera outro similar, (...); artigo 77 –convenios de colaboración- e artigo 85 –dirección e inspección da explotación-.

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias ao igual que outras leis estatais sectoriais.

O Concello de Ribeira de Piquín, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo Concello de Ribeira de Piquín a lexislación contractual e sectorial de aplicación , segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada obra ou actuación, sendo responsabilidade do Concello de Ribeira de Piquín tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas, tal e como se especifica no convenio interadministrativo

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia.

A potestade de auto organización e este sistema de cooperación horizontal desenvólvese mais polo miúdo na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e incorporación das directivas, en período actual de “vacatio legis”, en tanto que ambas administracións participantes actúan coa finalidade de garantir os servizos públicos que lles incumben.

A subscrición desta modificación do convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85 , de Bases de réxime local.

O Concello de Ribeira de Piquín será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación.

A presente modificación ao convenio, non lle é de aplicación lexislación en materia de contratos:

c) Non sería, por estar vixente no momento da sinatura do convenio, a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no art. 4.1.c) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, que sinala que “están excluídos do eido da citada lei: (...); c) Os convenios de colaboración que desenvolva a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas, as Entidades Locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que celebren estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a esta Lei.”

d) Non é, por estar vixente no momento da modificación, a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”.

Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), no é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación.

A terse en conta para a CCAA de Galicia o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), aplicable como criterio interpretativo e de integración normativa aos convenios de colaboración nos que participe a comunidade autónoma.

Sobre a modificación interesada, o artigo 49 da lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa que se refire ao contido dos convenios e no seu apartado 2 establece que “en cualquier momento antes de la finalización del plazo previsto para la vigencia del convenio, los firmantes podrán acordar unánimamente su prórroga por un período de hasta cuatro años adicionales o su extinción”.

Xa que logo, a cláusula quinta do dito convenio precisa que a súa vixencia comezará no momento da súa sinatura, e en todo caso a súa vixencia concluírá no momento en que por parte da Deputación se proceda á aprobación e pagamento da conta xustificativa, que deberá efectuarse antes do 31-12-2018, data na que, salvo prórroga previamente acordada, se extinguirá o convenio por vencemento do prazo.

En consecuencia o convenio neste momento está vixente, e as partes poden modificar, mediando acordo de vontades, algunha das súas determinacións; neste senso o artigo 49 letra g) da Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos asinantes.

Vixente o convenio, este pode ser modificado polas partes, cos límites relatados de concorrencia de razóns de interese público e/ou semellantes motivadores da concesión e sen danar ou prexudicar a terceiros.

Media vontade das dúas partes para a modificación do convenio, para que os honorarios facultativos queden incluídos dentro da financiación da Deputación de Lugo, e polo tanto excluír das obrigas do Concello de Ribeira de Piquín a identificada no convenio no epígrafe que se sinala e que é obxecto de contradición co establecido na cláusula primeira:

a) *Achegar como contribución ao fin común, os proxectos técnicos e/ou memorias valoradas necesarios para a execución das obras /investimentos segundo legalmente proceda, así como asumir a dirección de obra, dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións que sexan preceptivas.*

Esta vontade de modificar o Convenio ten sustento , por outra parte na interpretación de unhas cláusulas por outras, cando existe algunha dudosa, dando sentido ao conxunto de todas (artigo 1285 e concordantes do código civil).

En canto ao órgano competente sinalar que segundo os artigos 46 e 47 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018, en relación coa delegación de atribucións de Presidencia, publicada no BOP o 27-07-2018 e a circular da Secretaría Xeral de data 30 de xullo de 2018, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, por canto o importe do convenio ten unha contía superior á dos contratos menores (art. 59.8 ROD).

Así pois a proposta de modificación segunda do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente .

É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.”

Por todo o exposto proponse:

Que se aprobe a modificación segunda ao convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o concello de Ribeira de Piquín, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Acondicionamento e pavimentación de pistas municipais en Ribeira de Piquín, incluído honorarios técnicos, para que se corrixa o erro/contradición detectada no convenio interadministrativo, de forma que queden incluídos os honorarios técnicos na financiación da Deputación de Lugo, e excluindo da cláusula terceira o apartado a) de obrigas do Concello: a) Achegar como contribución ao fin común, os proxectos técnicos e/ou memorias valoradas necesarios para a execución das obras /investimentos segundo legalmente proceda, así como asumir a dirección de obra, dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións que sexan preceptivas”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONCESIÓN DE PREMIOS “EMPRENDO NO RURAL”.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:

“Tendo en conta que a nosa provincia conta cunha zona moi extensa de ámbito rural onde o descenso da poboación é moi acentuado, en maior medida desde o ano 2011 no que o contexto da crise económica marca un punto de inflexión a escala social.

Un dos factores que máis inflúen neste despoboamento tan acusado no medio rural é a escasa oferta de traballo, en particular a falta de oportunidades de emprego cualificado, castigando aínda máis se cabe, a incorporación da muller ao emprego e a conservación do talento no territorio.

Tendo en cota que con data 9 de novembro de 2018 a Deputación de Lugo aproba o programa Emprendendo no rural con cargo ao crédito previsto por importe de 50.000,00 € para o ano 2018. Consistindo en 5 premios de 10.000 € cada un.

Considerando que con data 19 e 21 de decembro de 2018, celebrase a primeira e segunda comisión de valoración das solicitudes presentadas, das cales proponse resultado da valoración (achégase acta de valoración esta informe).

Tendo en conta que os solicitantes beneficiarios entregaron a documentación requirida en forma e prazo, segundo o establecido no Artigo 4 do Programa Emprendendo no Rural

Considerando que os expedientes das devanditas subvencións adecúanse ás bases para a concesión de subvención en réxime de concorrencia competitiva, para o Programa emprendendo no rural, publicado no BOP de 15 de novembro de 2018, Nº 262, e aprobadas en Xunta de Goberno de 9 de novembro de 2018.

Tendo en conta que segundo os datos que obran nesta entidade, os beneficiarios dos premios reúnen tódolos requisitos para optar a estas, nos expedientes pertencentes aos beneficiarios dos premios, consta declaración responsable dos mesmos, de non estar incurso nas prohibicións para obter as condicións de beneficiario, sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Así coma certificados positivos de estar o corrente coa Xunta de Galicia, Axencia Tributaria Estatal ,Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

Por todo o anterior, proponse á Xunta de Goberno:

1.- Aprobar, nos seus termos as propostas efectuadas pola Comisión de Valoración na súa reunión do día 21 de decembro de 2018.

Listaxe de valoracións

EXPEDIENTE	SOLICITANTE	PUNTUACIÓN FASE I	PUNTUACIÓN FASE II	TOTAL
2018/ERU_01/000005	Elio López García	86	19	105
2018/ERU_01/000006	Alonso Vázquez Salar	85	17	102
2018/ERU_01/000004	José Pérez Vázquez	81	18	99
2018/ERU_01/000003	Lucía Blanco Busto	72	19	91
2018/ERU_01/000007	Eva Crecente Dapena	72	15	87
2018/ERU_01/000008	Liliana Elizabeth Barrios Avalos	70	10	80
2018/ERU_01/000001	Marcos Vazquez Marey	-	-	-
2018/ERU_01/000002	Lucus Aventur Sl	-	-	-

Listaxe de reservas

EXPEDIENTE	SOLICITANTE
2018/ERU_01/000008	Liliana Elizabeth Barrios Avalos

Listaxe de solicitudes excluídas

EXPEDIENTE	SOLICITANTE	MOTIVO EXCLUSIÓN
2018/ERU_01/000001	Marcos Vazquez Marey	Artigo 3 "Destinatarios" das bases que rexe os premios "Emprendendo no Rural": "A actividade mercantil poderá realizarse en calquera modalidade legal, empresarias individuais, sociedades civís, comunidades de bens ou sociedades mercantís, incluídas as sociedades laborais e as cooperativas de traballo asociado". Debido a que a actividade vaise xestionar a través dunha asociación, sendo esta unha entidade sen ánimo de lucro, segundo se recolle na Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociacións, non se adecúa ó espírito dos premios.
2018/ERU_01/000002	Lucus Aventur S.L	Artigo 3 "Destinatarios" das bases que rexe os premios "Emprendendo no Rural", O destinatario ten iniciada a actividade económica presentada no proxecto.



2º.-Aprobar a relación definitiva dos beneficiarios que entregaron a documentación requirida en forma e prazo, solicitantes excluídos e listaxe de reserva, segundo o establecido na Artigo 7 do Programa Emprendendo no rural, e que se proceda a súa publicación segundo o previsto nas citadas bases.

Listaxe de beneficiarias:

EXPEDIENTE	SOLICITANTE	TOTAL
2018/ERU_01/000005	Elio López García	105
2018/ERU_01/000006	Alonso Vázquez Salar	102
2018/ERU_01/000004	José Pérez Vázquez	99
2018/ERU_01/000003	Lucía Blanco Busto	91
2018/ERU_01/000007	Eva Crecente Dapena	87
2018/ERU_01/000008	Liliana Elizabeth Barrios Avalos	80

Listaxe de reservas

EXPEDIENTE	SOLICITANTE
2018/ERU_01/000008	Liliana Elizabeth Barrios Avalos

Listaxe de solicitudes excluídas

EXPEDIENTE	SOLICITANTE	MOTIVO EXCLUSIÓN
2018/ERU_01/000001	Marcos Vazquez Marey	Artigo 3 "Destinatarios" das bases que rexen os premios "Emprendendo no Rural": "A actividade mercantil poderá realizarse en calquera modalidade legal, empresarias individuais, sociedades civís, comunidades de bens ou sociedades mercantís, incluídas as sociedades laborais e as cooperativas de traballo asociado". Debido a que a actividade vaise xestionar a través dunha asociación, sendo esta unha entidade sen ánimo de lucro, segundo se recolle na Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociacións, non se adecúa ó espírito dos premios.
2018/ERU_01/000002	Lucus Aventur S.L	Artigo 3 "Destinatarios" das bases que rexen os premios "Emprendendo no Rural", O destinatario ten iniciada a actividade económica presentada no proxecto.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- CORRECCIÓN DE ERRO NO PROGRAMA TECENDO EMPREGO.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:

“Detectado erro material, na proposta de resolución definitiva de data 21 de decembro de 2018, do Programa Tecendo Emprego, Proponse á Xunta de Goberno, a seguinte corrección:

Onde di:

TIPOLOXIA DE GASTO	TOTAL	2018	2020
Plan de fomento do emprego	952.049,72€	476.024,86 €	476.024,86 €
Plan de sensibilización e divulgación	20.000 €	20.000€	
TOTAL	972.049,72€	496.024,86 €	476.024,86 €

Debe dicir:

TIPOLOXIA DE GASTO	TOTAL	2018	2020
Plan de fomento do emprego	952.049,72€	476.024,90 €	476.024,82 €
Plan de sensibilización e divulgación	20.000 €	20.000€	
TOTAL	972.049,72€	496.024,90 €	476.024,82 €

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO PROGRAMA PRIMEIRA OPORTUNIDADE.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:

“Considerando que con data 24 de agosto de 2018, aprobouse en Xunta de Goberno o Programa de Primeira Oportunidade , programa que daba a oportunidade a 23 mozos de adquirir a primeira experiencia profesional a través dun contrato de practicas, no que se contempla, por unha banda a contratación de mozos titulados universitarios ou de formación profesional dentro dos distintos servizos da Deputación provincial, ofrecéndolles a oportunidade na que acadarán a experiencia profesional imprescindible para acceder ao mercado laboral, e por outra banda, resolvendo as necesidades urxentes e reiteradas de persoal manifestada polos distintos departamentos.

Tendo en conta que logo de revisar co Departamento de Recursos Humanos as necesidades de persoal propostas de forma reiterada polos distintos departamentos, así como a valoración por parte do departamento de persoal, de que as ditas titulacións propostas se axustan as funcións e competencias da área que fai as propostas.

Considerando que na relación dos 23 postos aprobados na Xunta de Goberno, relacionábanse por un lado un posto de Técnico de organización de eventos, marketing e comunicación, e outro de Marketing e Publicidade, existindo un erro na denominación do Técnico en organización de eventos , xa que esta denominación é unha rama dentro da familia de Marketing e publicidade non unha titulación, pola que se convocan 2 Técnicos Superior en Marketing e Publicidade, e no momento da entrevista e cando se determina o perfil, polo lugar onde se vai a adscribir o posto.

Considerando que logo de convocar os procesos a través da correspondente oferta pública cun anuncio no BOP , e de realizar os procesos selectivos de acordo os principios de igualdade, mérito e capacidade da listaxe de necesidades previstas relacionadas no Anexo, quedan vacantes 2 postos en concreto :

- Enxeñeiro técnico agrícola.

- Técnico de electromecánica de vehículos automóbiles.

Tendo en conta que a vista dos resultados dos procesos da continuidade da necesidade de persoal en distintos departamentos e coa finalidade última de dar cumprimento ao proxecto descrito, dando a oportunidade a mozos/as titulados, para adquirir a capacitación fundamental para a súa posterior inclusión no mercado de traballo,

Tendo en cota que se considera necesario anular esas dúas titulacións que non tiveron solicitudes e tratar de cubrir a necesidade convocando 2 postos das seguintes titulacións, un Técnico Superior en desenvolvemento de aplicacións web, e unha Técnico de turismo ,por ser titulacións que cobren onde hai mais necesidade e urxencia de incorporar persoal na actualidade.

Tendo en conta que aproveitando o establecido no programa, poderase recorrer as listaxes das titulacións onde xa hai persoal seleccionado ou se atopan xa convocados ou en proceso de selección, polo que a vista de que ditas titulacións xa se ofertaban neste programa acudirase as bolsas recentemente creadas e que compren os requisitos. para axilizar o proceso de contratación.

Considerando que a modalidade de contratación será “contrato en prácticas” por un período de 6 meses prorrogable ata 2 anos, no caso de continuar a necesidade que levou a ditas contratacións, tal é como prevé a modalidade de contrato utilizada para este procedemento, e seguindo os mesmos criterios que nas titulacións aprobadas con anterioridade, xa que a anulación das dúas titulacións permite cubrir o custe das novas titulacións, xa que unha delas e de igual categoría e outra e de categoría superior.

Tendo en conta que con carácter previo á incorporación e contratación de cada titulado deberase acreditar previamente que se cumpran as limitacións de artigo 19.2 da lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para 2018.

Por todo o exposto anteriormente, proponse á Xunta de Goberno:

Aprobar a modificación da lista de titulacións do Programa de Primeira Oportunidade eliminado: Enxeñeiro técnico agrícola e Técnico de electromecánica de vehículos automóbiles. e

aumentando unha de Técnico Superior en desenvolvemento de aplicacións web, e unha de Técnico de turismo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIAS DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL, ANUALIDADE 2015.

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 4 de decembro de 2015, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 282, do 9 de decembro de 2015, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2015; e vista a renuncia presentada polo beneficiario que se indica a continuación, así como o informe do Servizo de Cultura, e a proposta da Sra. Deputada Delegada de Cultura, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Aceptar a renuncia presentada polo beneficiario que a continuación se relaciona polo importe que así mesmo se indica:

ENTIDADE	SUBVENCIÓN
CORO PARROQUIAL CANGAS DE FOZ	350,00€

8.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO CONCURSO PARA ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE ESTUDOS, CORRESPONDENTES AO CURSO 2017-2018, PARA OS EMPREGADOS PÚBLICOS DESTA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, do seguinte teor:

“Por acordo da Xunta de Goberno de 28 de setembro de 2018, aprobaronse as Bases do Concurso para adxudicación de Bolsas de Estudos correspondentes ao curso 2017-2018, convocado no Boletín Oficial da Provincia nº 233 de 10 de outubro de 2018, para os empregados públicos da Excma. Deputación provincial, afectados polo ámbito de vixencia do Acordo Marco Único para persoal funcionario e do Convenio Colectivo Único para persoal laboral da Excma. Deputación provincial de Lugo.

De acordo co establecido na Base décima das mesmas, esta Presidencia, en representación da Comisión da Valoración, que celebrou reunión o día 14 de decembro de 2018, formula ante a Xunta de Goberno, a seguinte proposta:

1º.- Outorgar ao persoal funcionario, eventual, laboral, xubilado e orfos, desta Deputación provincial que se relaciona no Anexo, as contías que se sinalan na citada relación en concepto de axudas para bolsas de estudos correspondentes ao curso 2017-2018, cuxos importes ascenden ás seguintes cantidades:

Propios funcionarios	2.159,22€
Propios funcionarios interinos	2.387,83€
Propios Laborais Temporais	94,76€
Beneficiarios funcionarios	53.723,88€
Beneficiarios funcion. Interinos	10.297,69€
Beneficiarios traball. Laborais Fixos	6.967,01€
Beneficiarios P. Laborais Temporais	2.982,60€
Beneficiarios funcionarios xubilados	875,39€
Beneficiarios Laborais Xubilados	894,44
Orfos Laborais fixos	502,76
TOTAL	80.885,58€

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO CONCURSO PARA ADXUDICACIÓN DE AXUDAS POR GASTOS DERIVADOS DA ESTANCIA EN GARDERÍAS DOS FILLOS/AS OU ORFOS/AS DOS EMPREGADOS PÚBLICOS DESTA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL, CORRESPONDENTES AO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 DE SETEMBRO DE 2017 E O 31 DE AGOSTO DE 2018.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, do seguinte teor:

“Por acordo da Xunta de Goberno de 28 de setembro de 2018, aprobaronse as Bases do Concurso, para adxudicación de axudas por gastos derivados de estancia en garderías dos fillos ou orfos dos empregados públicos da Excma. Deputación provincial, correspondente ao período que vai dende o 1 de setembro de 2017 ata 31 de agosto de 2018, convocado no Boletín Oficial da Provincia nº 233 de data 10 de outubro de 2018, afectados polo ámbito de vixencia do Acordo Marco Único para persoal funcionario e do Convenio Colectivo Único para persoal laboral, da Excma. Deputación provincial de Lugo.

De acordo co establecido na Base sexta das mesmas, esta Presidencia, en representación da Comisión de Valoración, que celebrou reunión o día 14 de decembro de 2018, formula ante a Xunta de Goberno, a seguinte proposta:

Outorgar ao persoal funcionario e funcionario interino desta Deputación provincial que se relaciona no Anexo, as contías que se sinalan na citada relación en concepto de axudas por gastos derivados de estancia en garderías dos fillos ou orfos dos empregados públicos da Excma. Deputación Provincial, correspondentes ao período comprendido entre o 1 de setembro de 2017 e o 31 de agosto de 2018, cuxos importes ascenden ás seguintes cantidades:

Funcionarios	4.189,85€
Funcionarios Interinos	6.569,71€
TOTAL	10.759,56€

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO CONCURSO PARA ADXUDICACIÓN DE AXUDAS NA ADQUISICIÓN OU REHABILITACIÓN DA VIVENDA HABITUAL PARA OS EMPREGADOS PÚBLICOS DESTA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL, CORRESPONDENTE AO ANO 2017.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación do seguinte teor:

“Por acordo da Xunta de Goberno de 28 de setembro de 2018, aprobaronse as Bases do Concurso, para adxudicación de axudas na compra ou rehabilitación da Vivenda Habitual, correspondente ao ano 2017, convocado no Boletín Oficial da Provincia nº 233 de data 10 de outubro de 2018, para os empregados públicos da Excma. Deputación provincial, afectados polo ámbito de vixencia do Acordo Marco Único para persoal funcionario e do Convenio Colectivo Único para persoal laboral, da Excma. Deputación provincial de Lugo.

De acordo co establecido na Base sétima das mesmas, esta Presidencia, en representación da Comisión da Valoración, que celebrou reunión o día 14 de decembro de 2018, formula ante a Xunta de Goberno, a seguinte proposta

Outorgar ao persoal funcionario, funcionario interino, laboral, temporal e eventual en activo, e persoal funcionario e laboral xubilado desta Excma. Deputación provincial que se relaciona no anexo, as contías que se sinalan, na citada relación en concepto de axuda para compra ou rehabilitación de vivenda habitual correspondente ao ano 2017, cuxos importes ascenden ás seguintes cantidades:

Persoal Funcionario	4.477,81€
Persoal Funcionario Interino	2.139,69€
Funcionarios Xubilados	1.815,60€
Persoal Laboral Fixo	1.362,59€
Persoal Laboral Temporal	740,67€
Laborais Xubilados	237,09€
TOTAL	10.773,45€

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**11.- PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ERROS NA BASE ESPECÍFICA 2ª
SOBRE RÉXIME XURÍDICO DO VÍNCULO DE SERVIZO DO PERSOAL DO PROCESO
SELECTIVO PARA CONSTITUÍR LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL DE AXENTE
DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, do seguinte teor:

“Corrección de erros

Con data 14 de decembro do 2018, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo adoptou acordos polo que se convocan e aproban as Bases, e os seus anexos, que rexerán o proceso selectivo para constituír unha Listaxe de Emprego temporal de “Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local” para prestar servizos por calquera das modalidades previstas na lexislación de función pública na Deputación provincial de Lugo.

A dita convocatoria e as correspondentes Bases que rexeran o dito proceso selectivo convocado foron publicadas no BOP nº 290, do xoves , 20 de decembro do 2018, no Taboleiro de Edictos da Entidade e na súa páxina web.

Téndose verificado que nas Bases Específicas de convocatoria se ten producido unha omisión, procede realizar a correspondente corrección da eiva detectada, conforme ao previsto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; polo que propono que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Realizar unha corrección de erro, por adición, na Base 2ª das Bases Específicas que rexen a convocatoria do proceso selectivo para constituír a Listaxe de emprego temporal da categoría de “Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local”.

2º.- A modificación que se efectúa é a seguinte:

Correccións nas bases específicas:

Ao que di na Base 2ª: “Relación Xurídica: Funcionario Interino regulado no art. 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público”; debe engadirse un parágrafo que di: “ou Contratación laboral temporal por calquera das modalidades establecidas no Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores”.

3º.- Coa finalidade de que esta corrección, por adición, que se realiza sexa de coñecemento de quen teña sido admitido neste proceso selectivo, publicarase no BOP, no Taboleiro de Anuncios e na páxina web”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

13.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as doce horas do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.